



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Educación

Corrección do erro material detectado nos puntos 23 e 31 das Bases do programa educativo municipal Idiomas do Mundo 2022 publicadas no BOP da Coruña núm. 27 do 09.02.2022

O concelleiro de Educación, Memoria Histórica, Innovación Industria e Emprego, por delegación da Xunta de Goberno Local (BOP núm. 124 do 03.07.3019), con data do 18.02.2022, resolveu rectificar o erro material detectado nos distintos apartados das Bases do programa educativo municipal Idiomas do Mundo 2022 publicadas no BOP da Coruña núm. 27 do 09.02.2022, no que atinxe ao ano de referencia dos ingresos da renda familiar. De tal xeito que onde di:

Punto 23

“Modo de calcular a renda.

a) A renda familiar obterase por agregación das rendas de cada un dos membros computábeis da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, calculadas segundo se indica nos apartados seguintes e de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a Renda das Persoas FÍSICAS (IRPF). Computarase o exercicio 2019.

b) Para a determinación da renda dos membros computábeis que presentasen declaración polo IRPF, procederase do modo seguinte:

Sumarase a base imponible xeral (casilla 435 da declaración da Renda do ano 2019) coa base imponible do aforro (casilla 460 da declaración da Renda do ano 2019) e restarase a cota resultante da auto liquidación (casilla 595 da declaración da Renda do ano 2019).

No suposto en que existan membros da unidade de convivencia que non fixeron a declaración da renda, por non estar obrigados, teranse en conta os datos económicos que figuren na Axencia Tributaria para sumalos á renda familiar.

c) No caso de se ter establecida pensión de alimentos en favor de fillos e/ou fillas integrantes da unidade de convivencia, a contía efectivamente percibida da mesma no ano 2019 incluírase no cómputo da renda familiar.

(...)

f) Con carácter excepcional, poderán tomarse en consideración circunstancias sobrevidas (posteriores ao 2019) que teñan unha incidencia significativa na situación económica familiar e queden acreditadas mediante certificado emitido pola AEAT en relación coa situación da renda do ano 2019.

Punto 31

h) No caso de non se autorizar na solicitude a consulta de datos tributarios, certificacións expedidas pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (en adiantes AEAT) das declaracións de IRPF individuais de ambos proxenitores ou conxunta, correspondentes ao exercicio 2019, emitidas e datadas no mes de xullo ou posterior de 2021

Debe dicir:

a) A renda familiar obterase por agregación das rendas de cada un dos membros computábeis da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, calculadas segundo se indica nos apartados seguintes e de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a Renda das Persoas FÍSICAS (IRPF). Computarase o exercicio 2020.

b) Para a determinación da renda dos membros computábeis que presentasen declaración polo IRPF, procederase do modo seguinte:

Sumarase a base imponible xeral coa base imponible do aforro e restarase a cota resultante da auto liquidación.

No suposto en que existan membros da unidade de convivencia que non fixeron a declaración da renda, por non estar obrigados, teranse en conta os datos económicos que figuren na Axencia Tributaria para sumalos á renda familiar.

c) No caso de se ter establecida pensión de alimentos en favor de fillos e/ou fillas integrantes da unidade de convivencia, a contía efectivamente percibida da mesma no ano 2020 incluírase no cómputo da renda familiar.

(...)

f) Suprímese

Punto 31

h) No caso de non se autorizar na solicitude a consulta de datos tributarios, certificacións expedidas pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (en adiantes AEAT) das declaracións de IRPF individuais de ambos proxenitores ou conxunta, correspondentes ao exercicio 2020, emitidas e datadas no mes de xullo ou posterior de 2021.

A Coruña, 18 de febreiro do 2022

Concelleiro responsable da Área de Educación, Memoria Histórica, Innovación, Industria e Emprego

Jesús Celemín Santos

2022/899